



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 – e-mail: concello@monterrei.es

Monterrei, 23 de febreiro de 2018

EDICTO

O alcalde, con data de 23 de febreiro de 2018, ditou a seguinte resolución:

Ao ter necesidades urxentes e inaplazables para o correcto desenvolvemento das funcións do Axente de Emprego e Desenvolvemento local do Concello de Monterrei, e en virtude da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ano 2017 para a contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, é necesaria a selección e contratación de persoal para substituír ao actualmente contratado, dado que causará baixa nas próximas datas. En virtude das competencias que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local, RESOLVO:

Primeiro. Presentar oferta no Servizo Galego de Colocación de Verín o día 23 de febreiro de 2018 para a cobertura do posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

Segundo. Aprobar as seguintes bases que rexerán o procedemento para a selección do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local e publicar o anuncio no taboleiro de edictos do Concello:

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Primeira. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar un proceso de selección para a contratación por este concello de 1 axente de emprego e desenvolvemento local para cubrir a vacante do actual axente de emprego e desenvolvemento local, dado que causará baixa nas próximas datas.

2. O contrato laboral que se subscribirá será o de obra ou servizo determinado, regulado no artigo 15.1.a) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

3. A contratación do persoal será subvencionado pola orde do 11 de setembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018.

4. Funcións:

a) Colaboración na implantación das políticas activas de emprego, analizando a evolución e repercusión das medidas activas de emprego na súa zona de actuación.

b) Prospección de recursos ociosos e infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 – e-mail: concello@monterrei.es

prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.

c) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, os promotores e os emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

d) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

e) Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

f) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

5. Sistema de selección: concurso de méritos.

Segunda. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

1 axente de emprego e desenvolvemento local:

-Contrato laboral: obra ou servizo determinado.

-Xornada laboral: xornada completa.

-Duración: dende a contratación ata o 26 de decembro de 2018.

-Retribución: 1413,72 euros/brutos/mes (catorce pagas, incluídos todos os conceptos salariais).

Terceira. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso de méritos deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 – e-mail: concello@monterrei.es

- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Estar en posesión dos estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria.
- g) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 4, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.

Cuarta. Valoración do proceso selectivo.

FASE CONCURSO

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 6 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)
- c) Por servizos remunerados prestados na Administración pública en categoría similar (que conteña algunha das funcións do emprego que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade) á do posto ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo. (máximo 2 puntos)
- d) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas en categoría similar (que conteña algunha das funcións do emprego que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade) á do posto ao que se opta: 0,05 puntos por mes completo (máximo 0,50 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 – e-mail: concello@monterrei.es

cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

2. Formación para o emprego: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos e masters organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas función do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
- Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso.
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

a) O Concello de Monterrei presentará oferta xenérica de emprego no Servizo Galego de Colocación de Verín, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as aspirantes que se contratarán, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade, e facendo constar a categoría profesional/posto que se desenvolverá.

b) Unha vez remitida ao Concello de Monterrei, por parte do Servizo Galego de Colocación de Verín, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, o Concello de Monterrei convocará os/as candidatos/as preseleccionados/as para que presenten no prazo de tres días hábiles a documentación necesaria para participar no proceso selectivo no Concello de Monterrei para a valoración por parte do tribunal de selección.

Presentaranse ca solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Acreditación documental xustificativa do requisito de titulación e dos méritos esixidos. (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).
- c. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (Anexo II).



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 – e-mail: concello@monterrei.es

SEXTA. Tribunal cualificador

1. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente.
- Vogal.
- Secretario-vogal.

A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso de acordo ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, quenes se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao Concello, terá dereito a percibir indemnización por a asistencia correspondente segundo o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

SÉTIMA. Procedemento de selección

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos ao concurso. A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal e o día no que se realizará a avaliación de méritos dos aspirantes. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Monterrei (www.monterrei.es), concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez avaliados os méritos dos aspirantes publicarase a orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes, que virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o alcalde ao nomeamento do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

NOVENA.- Normas supletorias de aplicación

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

- a) Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidade de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós. (consultábeis na seguinte web: <http://www.mancoverin.es/category/novas/page/5/>)
- b) Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- e) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

O alcalde

* Documento asinado dixitalmente o marxe.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 — 32618 ALBARELLOS – MONTERREI – OURENSE
Telf. 988 418002 – Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es